

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 20 DE NOVEMBRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA Membros que asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA MUÑIZ MUÑIZ ELADIO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ GOMEZ CARMEN MARIÑO DE BRICIO VICENTE
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte de Novembro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 13/11/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 20251/183

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/11/2025. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERÍODO 2025/2026"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/208

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 14/11/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN PARA A CABALGATA DE REIS DO CONCELLO DE RIBEIRA DO ANO 2026"



4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Lidia Renee Ulloa Caballero

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA** no lugar de Rúa Santa Uxía, 10, baixo, Ribeira e do que é promotora **Dña. LIDIA RENEE ULLOA CABALLERO, DNI nº ***245***** (anterior titular: **"MARIA RAMONA DIOS MARTÍNEZ", DNI Nº ***160***, licenza outorgada por Resolución de data 21 de novembro de 2013**), e tendo en conta os seguintes,

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

- Reglamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecimientos aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro. Art. 20
- LEY 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Art. 69
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Art. 21.1.q
- Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Arts. 40-41

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA:-Debemos partir da consideración Legal da licenza de apertura.

Considérase a esta modalidade de licenza como aquela declaración de vontade Municipal, concretada no acto administrativo regulado de outorgamento, polo que se removen os obstáculos que en cada caso limitan o dereito dos cidadáns á liberdade de creación de Empresa, previa adxeración da Legalidade de tal actuación a través dun procedemento no que se valoran todas as circunstancias concorrentes, polo que calquera restrición ao preexistente dereito esixirá a constatación por parte da Administración de razóns excepcionais que aconsellen a súa limitación.

Ten o instituto xurídico de licenza administrativa de apertura especial incidencia no efectivo exercicio da liberdade de empresa, en canto queda sometida toda actividade mercantil e industrial ao seu control preventivo na procura permanente do equilibrio entre o lucro privado e as esixencias derivadas do interese xeral. Motivo máis para que esta intervención necesaria se xustifique plenamente naquelas actividades legalmente clasificadas que poidan producir incomodidades, alteren as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente e ocasionen danos á riqueza pública ou privada, ou impliquen riscos graves para a seguridade das persoas ou bens, protexido constitucionalmente como está no artigo 45 «o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado», así como o correlativo deber xeral de velar polo mesmo que asumen todos os poderes públicos

Encadrar, por tanto, a licenza de apertura como variedade das chamadas «*autorizacións de funcionamento*», significa que aquela non esgota todos os seus efectos xurídicos no acto en si de outorgamento, senón que orixina una relación continua do Promotor coa Administración, prolongada en sucesivas revisións que sexan conformes á primeira apreciación.

Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 1992**, que afirma que «*é reiterada a Xurisprudencia deste Tribunal que afirma que as licenzas reguladas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, constitúen un suposto típico das denominadas autorizacións de funcionamento*



que, en canto talles, non establecen una relación momentánea entre Administración autorizante e suxeito autorizado, senón que xeran un vínculo permanente encamiñado a que a Administración protexa adecuadamente en todo momento o interese público asegurándoo fronte ás posibles continxencias que poidan aparecer no futuro exercicio da actividade». En igual sentido existe abundante Xurisprudencia, como a **Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de outubro de 1988** (Arz. 7455) conforme á cal «as licenzas reguladas neste Regulamento (RAM) constitúen un suposto típico de autorización de funcionamento; despois de que autorizan o desenvolvemento dunha actividade ao longo do tempo xeran una relación permanente coa Administración, que en todo momento poderá acordar o preciso para que a actividade se axuste ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas».

Así pois no caso que nos ocupa as actividades, como xa indicamos, ten licenza de apertura pero deberán cumprir, a data de hoxe, todas as esixencias Legais que sexan de aplicación.

O Concello, con motivo da comunicación do cambio de titular ou con ocasión dos seus deberes de inspección, pode realizar as inspeccións que estime oportuno e pode requirirse ao titular para que axuste toda a actividade ás esixencias Legais que dimanen da Lexislación e Ordenanzas hoxe vixentes.

En definitiva, as licenzas de actividades clasificadas non poden considerarse definitivas no máis amplo sentido da palabra. Una vez en funcionamento o Concello debe vixiar o cumprimento das condicións e esixencias Legais e se non hai máis remedio pode chegar a revogar a licenza. Neste sentido a **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza Andalucía de 20 de febreiro de 1995**: O vínculo permanente das licenzas de apertura en canto autorizacións de funcionamento, faculta ao Concello a esixir nos supostos de petición de reapertura de actividade, as medidas correctoras necesarias para salvar deficiencias e que veñen esixidas por disposicións posteriores á data de concesión da licenza inicial.

Con motivo da inspección efectuada ao establecemento en cuestión, os técnicos Municipais deberán comprobar o cumprimento ou non da normativa reguladora da actividade de que se trate e se se observan deficiencias na mesma. No caso de que se observen deficiencias, notificaranse ao prestador para a súa emenda, continuándose o trámite ata que leven a cabo as mesmas, ou ben determinar a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade, ordenando o cesamento da mesma.

Con todo, á vez que debe esixirse o fiel cumprimento das condicións de funcionamento da actividade en cuestión, debe esixirse á Administración actuante o respecto ás garantías do procedemento. A actuación Municipal debe estar presidida polos principios informadores de todo expediente administrativo: contradición, motivación, audiencia e non indefensión do interesado.

Neste sentido se a Corporación considerase que se están incumprindo as condicións da licenza de apertura, debe de indicar ao interesado as deficiencias observadas e outorgarlle un prazo de emenda, o axeitado ás circunstancias concorrentes, sen poder suspender a actividade sen comprobar previamente o incumprimento da orde de emenda.

Respecto ao resto de medidas correctoras que proceda esixir as mesmas deben ter un fundamento Legal, é dicir a esixencia das mesmas debe estar Legalmente prevista, debendo ser a acta de inspección a que determine o cumprimento da normativa aplicable ou non e se se observan deficiencias requirir ao titular para que as emende se iso é posible.

O que non pode admitirse en dereito é que, ante unha situación aparentemente irregular, reaccíonese sen respectar as mínimas garantías, provocando na práctica un peche indefinido dun local ao non indicarse as deficiencias a corrixir nin posibilitar a súa emenda, coa consecuente inseguridade xurídica e indefensión do presunto infractor.

En tal sentido debe ser a acta de inspección a que determine as diversas anomalías apreciadas e requírase polo Concello a emenda ao titular da actividade outorgándose o



prazo para a súa corrección, transcorrido o cal se comprobará se se corrixiron as posibles irregularidades. Será nese momento no que se inicie, no seu caso, o procedemento correspondente para clausurar a actividade e a suspensión da licenza de apertura, no seu caso

SEGUNDA:- Polo que respecta ó expediente en cuestión cumpre dicir que o cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao concello ante o que se presentou a comunicación previa ao comezo da actividade ou á apertura do establecemento, aspecto este cumprido a través de documentación presentada para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA** no lugar de Rúa Santa Uxía, 10, baixo, Ribeira e do que é promotora **Dña. LIDIA RENEE ULLOA CABALLERO** (anterior titular: **"MARIA RAMONA DIOS MARTÍNEZ"**, **licenza outorgada por Resolución de data 21 de novembro de 2013**).

TERCEIRA:- Na comunicación do cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tramitaron para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento, aspectos todos que se contemplan no expediente de referencia.

CUARTA:- A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento no que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data na que leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente dita comunicación, a anterior persoa titular eximirase de toda responsabilidade se acredita ante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

IV RESOLUCIÓN

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo secretario xeral da corporación, de data 06/11/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA** no lugar de Rúa Santa Uxía, 10, baixo, Ribeira e do que é promotora **Dña. LIDIA RENEE ULLOA CABALLERO** (anterior titular: **"MARIA RAMONA DIOS MARTÍNEZ"**, **licenza outorgada por Resolución de data 21 de novembro de 2013**).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás



esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:- Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:- Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

25618 24.10.2025 JESICA PAZOS GONZÁLEZ, reforma do baño, cambio alicatado e colocación plato de ducha, na rúa Carlos Casares, 3, portal 4, planta 3, porta c, Ribeira.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

25800 27.10.2025 ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ GAGO, abrir porta de garaxe, na Ameixida, 35, Castiñeiras.



7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17693 21.07.2025 CARMEN VILAR VILAR, sustitución de ventanas, na Carretera Xeral, nº 85, Castiñeiras.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21831 11.09.2025 JOSÉ MARIÑO DIOS, colocar malla de protección, na Avda. Malecón, 52, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24172 06.10.2025 MANUEL PÉREZ MOS, pintar fachada, na rúa Sálvora, 82, Aguiño.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21940 15.09.2025 JUAN JOSÉ ÁLVAREZ ÁLVAREZ, limpeza e pintado da vivienda, na rúa Sagres, 10, Aguiño.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26207 31.10.2025 ROBERTO RIAL BLANCO, peche perimetral de parcela, no lugar de Mondelo, 30, Palmeira.



12.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA DE CUBERTA E FACHADA DUNHA EDIFICACIÓN.
LUGAR: RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA Nº 50 E A RÚA DA BARREIRA, Nº 23, RIBEIRA.
PROMOTORA: CP EDIFICIO TOTEM

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para **REFORMA DE CUBERTA E FACHADA DUNHA EDIFICACIÓN**, no lugar de **MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA Nº 50 E A RÚA DA BARREIRA, Nº 23, RIBEIRA**, da que é promotora a **C.P EDIFICIO TOTEM (CIF Nº H-15813504)**.

VISTO o informe emitido polo **arquitecto municipal** o día **6 de outubro de 2025**.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **10 de novembro de 2025**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a entidade **C.P EDIFICIO TOTEM (CIF Nº H-15813504)** licenza urbanística de obra maior (**Nº 57/25**) para **REFORMA DE CUBERTA E FACHADA DUNHA EDIFICACIÓN**, no lugar de **MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA Nº 50 E A RÚA DA BARREIRA, Nº 23, RIBEIRA**, e según **proxecto técnico** de reforma de cuberta e fachada, redactado polo arquitecto Don Guillermo Casalderrey Rivas, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de novembro de 2022, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira co número 202400004958, o día **28 de febreiro de 2024**.

-Deberá adaptarse ás demais determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 6 de outubro de 2025.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento,



de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
 - Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
 - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
 - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
 - Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
 - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado*

QUINTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do



expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- LICENZA MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO EXISTENTE.
LUGAR: ROSALÍA DE CASTRO, Nº 45, RIBEIRA. **PROMOTOR:** COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSALIA DE CASTRO, 45

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO EXISTENTE**, no lugar de **ROSALÍA DE CASTRO, Nº 45, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSALIA DE CASTRO, 45**

VISTO o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día **25 de marzo de 2025**

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **1 de abril de 2025** e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data **1 de abril de 2025**,
EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSALÍA DE CASTRO Nº 45, LICENZA DE OBRAS (Nº58/25)** para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR** en edificio existente, e sito na **Rúa Rosalía de Castro nº 45, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 0514613NH0101S0003JQ, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data de data 14 de febreiro de 2024 así como do Anexo ao Proxecto Técnico de marzo de 2025 redactados por Dna. Lorena Maroño Vila, (arquitecta técnica col. 3.107).

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos



demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado

QUINTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.



-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- LICENZA URBANÍSTICA -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E CONSTRUCCIÓN ADXECTIVAS PARA VIVENDA PARTICULAR E ALBERGUE DE TURISMO RURAL. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE MEIXE, 3, OLEIROS, RIBEIRA. PROMOTOR: JUNG JO BENJAMÍN.

VISTA a solicitude de licenza urbanística **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E CONSTRUCCIÓN ADXECTIVAS PARA VIVENDA PARTICULAR E ALBERGUE DE TURISMO RURAL** da que é promotor **JUNG JO BENJAMÍN, NO LUGAR DE MEIXE, 3, OLEIROS, RIBEIRA**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con data **11 de setembro de 2025**

VISTO o **informe** emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **9 de outubro de 2025.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza urbanística **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** a **JUNG JO BENJAMÍN** para **REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E CONSTRUCCIÓN ADXECTIVAS PARA VIVENDA PARTICULAR E ALBERGUE DE TURISMO, NO LUGAR DE MEIXE, 3, OLEIROS, RIBEIRA**

*-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do **proxecto de execución** que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.*

SEGUNDO.- Deberá respetar íntegramente as condicións e medidas establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 11 de setembro de 2025.

TERCEIRO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da



notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Logo de rematar a obra, interesado deberá presentar **COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, así como **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.
- Acta de recepción de obra terminada.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Informe acústico de medicións de conformidade co previsto no Decreto 106/2015, de 9 de xullo.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado

SEXTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuita de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SÉTIMO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a dar traslado á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA xa que mediante CONVENIO DE ADHESIÓN ten atribuídas o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia



ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Mariño González

Visto o escrito presentado por **Manuel Mariño González**, de data 11/11/2025 (Registro de entrada nº 27.136), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A0360032270000KI (RÚA SAMPEDRO 14-B PALMEIRA, 15959- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 19/08/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A0360032270000KI (RÚA SAMPEDRO 14-B PALMEIRA, 15959- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

16.- USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA - Asociación Cultural e Social Hermanos Españoles Mauritanos

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 14/11/2025, relativa á autorización d o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) para celebrar o “Día Nacional de Mauritania”, na que expón:

“

- 1- *Atendendo a solicitude, presentada por Dedde Salem, rexistro municipal de data 13/11/2025 co número 2025 27381, en nome da Asociación Cultural e Social Hermanos Españoles Mauritanos (CIF G56319478) interesando dispor do Espazo Municipal de Usos Múltiples (carpa) ó día 29 de novembro de 2025 con motivo da celebración do “Día Nacional de Mauritania” de 9.00 a 00.00 h deste día.*
- 2- *Aos efectos de realizar preparativos para relizar esta actividade precisa o uso desta instalación desde o 26 de novembro ao 1 de decembro de 2025.*
- 3- *Solicita para esta celebración dispor de mobiliario (mesas, cadeiras), dúas xaimas e son.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que



permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural e social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar á Asociación Cultural e Social Hermanos Españoles Mauritanos, e en precario, o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) para celebrar o "Día Nacional de Mauritania" ó 29 de novembro de 2025 en horario de 9.00 a 00.00 h deste día.
- Poderán dispor desta instalación desde o día 26 de novembro ata o 1 de decembro de 2025 para organizar esta actividade.
- A asignación de mobiliario, mesas, cadeiras e outras estruturas como xaimas estará suxeita ás existencias dispoñibles según as necesidades de programación municipal.
- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Esta autorización terá efectos dende ás 00.00 h do 26 de novembro de 2025 ata ás 24.00 h do 1 de decembro de 2025.
- **Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican.**

"CONDICIÓNs DE USO"

- 1 As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG»* núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG»* núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2 A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3 Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4 Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con lume" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, fornillos portátiles e similares.
- 5 En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6 Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o



periodo antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.

- 7 Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
- 8 Respectar o aforo da instalación (límite 400 persoas de pé e 300 persoas sentadas).

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.**

17.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e calidade de vida dos colectivos máis vulnerables. Programa de prevención no eido das drogodependencias.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48010 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

18.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A FUNDACIÓN FAIBEN

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Faiben.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a



situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida dos colectivos como a infancia. Proxecto contigo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Faiben; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48022 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

19.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Proxecto: "Formación e emprego".

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48023 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

20.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Ambar.



VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa Vivindo na Comunidade.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Ambar; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48009 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

21.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN A CREBA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Brício, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa de Transporte de Usuarios.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48021 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

22.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A IGLESIA CRISTIANA EVANGÉLICA EBENEKER EN XEBRE

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Brício, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Igrexa Cristiana Evangélica Ebeneker en Xebre.



VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e a calidade de vida dos colectivos máis vulnerables como a infancia e a adolescencia. Programa Atención a Familias Vulnerables.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 17/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Iglesia Cristiana Evangélica Ebenecer en Xebre; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48029 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

23.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AMICOS

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e a calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Servizo de Atención Psicopedagóxica.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 17/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48020 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



24.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO EN RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Española contra o Cancro en Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e a calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Promoción de actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e asistencial.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 18/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Española contra o Cancro en Ribeira; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48026 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- SOLICITUDE HABILITACION DUN ESPACIO DE ESTACIONAMIENTO EXPRESS NA RUA OTERO PEDRAYO - Ángeles Casais Martínez

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Ángeles Casais Martínez**, de data 28/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.845), no que solicita a habilitación dunha zona de estacionamento express na Rúa Otero Pedrayo (Ribeira).

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sidi Randan El Id (A CAMBADESA)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Sidi Randan El Id** en representación establecemento **“Café Bar A Cambadesa”** (Ribeira), de data 11/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.117), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Café Bar A Cambadesa”** (Ribeira), os días 14/11/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h., 21/11/2025, en horario de 22:00 h. a 01:00 h., e o 22/11/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

27.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 206/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00206/2025, de data 29/09/2025, do



Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se declara a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo (PO 17/2022) interposto por Sara Moure Prado, sobre impugnación da desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición contra licenza de obras 26/2018 concedida a D. Bartolomé para reforma e ampliación de vivienda unifamiliar.

28.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 209/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00209/2025, de data 29/09/2025, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo (PO 478/2022) interposto por Guillermo González Lesta, contra a resolución de data 29/09/2022, dictada no expediente de reposición da legalidade urbanística (DU 4/21-Exp. 2021/DISU000014), declarando a súa non conformidade a dereito nos termos expostos no Fundamento de Dereito 5º.

29.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 248/2025 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00248/2025, de data 13/06/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A Coruña, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PO 7407/2024) interposto contra o acordo do Xurado de Expropiación de Galicia de 26/09/2024, confirmando que fixou o xustiprezo da finca nº 15, que lle expropiou a Juana González sanlés, Luis González Sanlés, José González Sanlés e Juan Manuel González Sanlés, para executar o novo polígono industrial municipal, que confirman.

30.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 327/2025 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00327/2025, de data 19/09/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A Coruña, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PO 7408/2024) interposto contra o acordo do Xurado de Expropiación de Galicia de 26/09/2024, no expediente nº 2024/000323 (Proxecto 02339-Proxecto de expropiación do novo polígono industrial de Ribeira, Expte. PATR000004), desestimatorio do recurso de reposición formulado contra o acordó de 27/06/2024 do propio xurado que fixaba o xustiprezo da finca nº 4 do proxecto; resolución que se declara conforme a dereito.

31.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 324/2025 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00324/2025, de data 19/09/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A



Coruña, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PO 7409/2024) interposto contra os acordos do Xurado de Expropiación de Galicia de 26/09/2024, descritos no Fundamento de Dereito Primeiro.

32.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 345/2025 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00345/2025, de data 09/10/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A Coruña, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PO 7410/2024) interposto polo Concello de Ribeira contra o acordo do Xurado de Expropiación de Galicia de 26/09/2024, que confirmou o de 27/06/2024, que fixou o xustiprezo da finca nº 17, que lle expropiou a Gumersindo Seráns Saiñas para executar o novo polígono industrial municipal, que tamén confirman.

33.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local o auto aclaratorio/complementario da sentenza nº 00345/2025, de data 09/10/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A Coruña, accedendo á petición do representante/letrado municipal e completando a sentenza nº 00345/2025, de data 09/10/2025, nos termos recollidos nos dous primeiros fundamentos de dereito do citado auto.

34.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 385/2025 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO - SEC.3 - 003 DE A CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00385/2025, de data 07/11/2025, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Contencioso/Administrativo – Sec. 3 - 003 de A Coruña, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PO 7405/2024) interposto polo Concello de Ribeira contra os acordos do Xurado de Expropiación de Galicia de 26/09/2024, descritos no Fundamento de Dereito Primeiro.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE ACTO EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Mulleres en Acción

Visto o escrito presentado por María Soledad Guevara Urquiola en representación da **Asociación Mulleres en Acción**, de data 14/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.517), no que solicita autorización para a celebración dun acto o día 25/11/2025 á 20:00 h., na Praza do Concello, co motivo do Día Mundial pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a celebración dun acto o día 25/11/2025 á 20:00 h., na Praza do Concello, co motivo do Día Mundial pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

36.- SOLICITUDE LOCAL MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN EVENTO BENÉFICO – Natalia Gil García

Visto o escrito presentado por **Natalia Gil García**, de data 17/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.534), no que solicita a cesión de uso dun local municipal para a celebración dun mercadillo/merenda solidaria (IV Mercadillo Solidario) co fin de recadar fondos para a ONG Asdegal, que se celebrará o día 07/12/2025, en horario de 15:00 h, a 20:30 h.; así como tamén solicita 10 mesas pregables e 100 cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a cesión de uso da 1ª planta da Praza de Abastos Municipal de Ribeira para a celebración dun mercadillo/merenda solidaria (IV Mercadillo Solidario) co fin de recadar fondos para a ONG Asdegal, que se celebrará o día 07/12/2025, en horario de 15:00 h, a 20:30 h.
- **Autorizar** a cesión de uso de 10 mesas pregables e 100 cadeiras para o desenvolvemento do citado evento.
- Dar traslado deste acordo á interesada para o seu coñecemento.

37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á “CRUZ VERMELLA RIBEIRA”, PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA ANDAINA SOLIDARIA “ANDAINA DOS XOGUETES”, A FAVOR DA INFANCIA DE RIBEIRA EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

LOGO DE VER que Dña. Ángeles Cores Amigo, en representación da “Cruz Vermella Ribeira”, presenta escrito de data 10-11-2025, con número de rexistro de entrada municipal 26.994, solicitando:

AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR UNHA ANDAINA SOLIDARIA O VINDEIRO 7 DE DECEMBRO, CON SÁIDA E CHEGADA NO MALECÓN DE RIBEIRA.

TAMÉN SOLICITA CORTE DE RÚAS, INSTALACIÓN DE VALADOS E COLOCACION DE COLECTORES ADICIONAIS PARA RESIDUOS CON MOTIVO DE "A ANDAINA DOS XOJETES".

*** XUNTA CARTEL DA PROBA, PEQUENA MEMORIA (EXPLICACIÓN DO EVENTO) E PERCORRIDO DA MESMA***

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Segundo a *lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*; no seu título II *Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte*, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.



E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-11-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 18-11-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar á “Cruz Vermella de Ribeira” para realizar a Andaina Solidaria denominada “Andaina dos Xoguetes”, en favor da infancia de Ribeira en situación de vulnerabilidade, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **7 de decembro de 2025** de 10.00h. a 14.00h..
Non exime de outras que poidan ser necesarias de outros organismos ou administracións competentes.
- Os organizadores deberán ter en conta **os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir, segundo a normativa vixente, para a organización de eventos deportivos** nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- **Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento** (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba, será acordada en reunión cos organizadores do evento: cortes de rúas, sinalización, outros...).
- Facer os trámites necesarios coa empresa de limpeza municipal, para **que se reforce a presenza de colectores no lugar de saída-chegada do evento.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento “Bar Reviravolta” (Olveira), de data 18/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.675), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Reviravolta” (Olveira), o día 22/11/2025; a partir das 22:00 h.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

